

## III CONCURSO DE MICRORRELATOS DE TERROR IES FRAGA DO EUME BASES



Foto: auladerecursos-wordPress.com

O Equipo de Dinamización Lingüística xunto co Equipo da Biblioteca e o Departamento de Lingua Galega e Literatura convocan o **III Concurso de microrrelatos de terror do IES Fraga do Eume**.

### BASES

- Pode participar todo o alumnado do centro. A participación é a título individual. Non se admitirán traballos colectivos.
- Os textos terán unha extensión máxima de 500 palabras e estarán escritos en lingua galega.
- O espazo/s en que se desenvolverá a historia será: o instituto, as Fragas do Eume ou ambos.
- Os microrrelatos deberán entregarse nun sobre grande pechado, estar identificados cun título e firmados cun pseudónimo; a identidade do autor (nome e apelidos, grupo e correo electrónico) incluírase noutro sobre pechado que se adxuntará dentro do 1º. Poderán depositarse nunha **caixa** negra que se habilitará para tal fin na **biblioteca** do centro.
- A data límite de presentación de relatos será o **luns 16 de novembro** de 2020, ás 12:30 h.

### PREMIOS

- Un premio para alumnos e alumnas de 1º, 2º, 3º ESO e Formación Profesional Básica, que consistirá nun lote de libros.
- Un premio para o alumnado de 4ª ESO, Bacharelato e Formación Profesional (ciclos medio e superior) que consistirá nun lote de libros.

### XURADO

Estará formado por unha representante do Equipo da Biblioteca, unha representante do Departamento de Lingua Galega e Literatura e unha representante do EDL. Toda decisión do xurado será irrevogable, podendo declarar o premio deserto se, tras unha análise minuciosa dos microrrelatos enviados, os relatos presentados non tivesen a calidade suficiente.

### RESOLUCIÓN

- O xurado dará a coñecer o resultado o **luns 23 de novembro no segundo recreo na Biblioteca**.
- Os relatos gañadores publicaranse na **páxina Web no apartado do EDLG** e no blog da biblioteca.